

# Bailaretadas de homenaxe con acerto estético

Roberto Pascual

**Título:**

*Bailadela  
da morte ditosa*

**Autor:**

Roberto Vidal Bolaño

**Compañía:**

Teatro de Ningures

**Dirección:**

Etelvino Vázquez

**Reparto:**

Sonia Rúa  
Fran Paredes  
Pepa Barreiro  
Casilda García  
Mónica Camaño  
Salvador del Río  
Santiago Cortegoso

**Escenografía:**

“O Pastor”

**Vestuario:**

Carlos Alonso

**Iluminación:**

Etelvino Vázquez

**Espazo sonoro:**

Anxo Graña

Se hai uns meses viamos reposto un dos textos paradigmáticos da xeración Abrente, *Zardigot*, con desafortunados resultados escénicos, non acontece o mesmo coa interesante escenificación que a compañía de Ningures acaba de presentar a partir doutra significativa obra daquela época, precisamente o último premio de textos teatrais da Ribadavia das estreas, dos estímulos, dos debates, dos rexurdires, etc. *Bailadela da morte ditosa* supón un reto e unha chamada polas calidades dramáticas mais tamén pola actualización e os referentes sociais amosados. Así e todo, ningunha compañía profesional chegou a levar á escena a peza de Vidal Bolaño dende a súa estrea por parte daquela cooperativa do Estaribel (que agrupaba os grupos Andrómena e Antroido), agás o teatro universitario e se cadra o amator, principais demandantes da dramaturxia (galega) contemporánea.

Darlle unha nova lectura escénica a dous textos de referencia (do ano 73 e 80 respectivamente) constitúen un fito normalizador do sistema que bota man dos mellores elementos da súa dramaturxia, con novas voces, novos intereses, novas sociedades, novas formacións e investigacións... Isto, ademais dunha homenaxe aos teatreiros, á estética e preocupacións dun home curtido nos oficios da escena e a unha compañía que xa no nome reivindicaba a rica parateatralidade dun país afogado pola represión e o autodesprezo, son as encadeadas escenas da *Bailadela* de Ningures, amalloadas pola luz decrecente final dun foco que recorta unha máscara do entroido (en ton do tributo citado e en referencia ao colgamento da máscara no senso brechtiano orixinal da proposta textual).

Ao longo de seis historias máis o prólogo técese encontros coa morte, desexados, inesperados, buscados para lograr outra vida... En contraposición a esa morte que avisa das súas chegadas e mostrada no inicio con reminiscencias de relato oral, teremos a endiañada. Contrapostas mediante un acertado deseño de vestuario, a escura choca con aquela que se anuncia aos transeúntes da vida para se deitaren nos seus brazos: Tréménche as pernas? Clarexouche o cabelo? Engurrouche a pel? Caéronche os dentes? Pois entón, preto andarás, eis o aviso. Da outra banda, o suicidio, a eutanasia, o accidente, mor-

tes buscadas ou atopadas sen sinais previos. A morte como fin natural ou liberación dos atrancos amargos da vida, onte, hoxe e sempre.

Destaca nesta última montaxe dirixida por Etelvino Vázquez o deseño do vestiario e unha escenografía operativa para a ligazón das diferentes situacións dramáticas (sen deixar de incidir no emprego de teas, tan habitual nos espectáculos da compañía e que tantos logros lle comportou á hora da expresión de diferentes espazos e situacións). En ton case litúrxico e apoiando o distanciamento ao que nos referiamos co despoimento da máscara ao final da obra (un pouco dilatado), os intérpretes circundan o espazo central da representación (recheado de serrín, material que outorga unha interesante sensación, entre o soño e o parareal grazas tamén á iluminación) onde os elementos iconográficos conseguidos (a cama dunha muller doente, o cadaleito do morto ou os andeis dunha vía) resultan de mínimos cambios de disposición das pequenas plataformas de madeira e escasos elementos de atrezzo: un tren, uns paxaros de papel a voaren pendurados duns fíos sobre a cabeza da morte ditosa, coma a conxunción dos dous astros colgantes nunha magnífica escena centralizada na fi-



Sonia Rúa e Santiago Cortegoso en *Bailadela da Morte Ditosa*

gura da morte articulada coma un títere, coma un romeiro do alén, por parte dos actores. Igualmente, o vestiario apoia unha boa dirección que busca o punto comedido entre desespero dos personaxes e combinación dunha estética onde a antropoloxía da morte posúe forza non só nas cantigas senón tamén nas manifestacións plásticas. A propia figura da morte achegaranos a outras culturas onde a morte tamén posúe un lugar relevante nas súas manifestacións, unha figura que grazas á máscara e á abundancia de ornamentos nos remite ao chamanismo ou a calquera oficiante dunha tribo africana.

Aínda así é difícil manter un ritmo constante ao longo dun espectáculo de considerable duración e, de feito, por momentos decae, coma na escena do fogueteiro que, malia a espectacularidade e o acerto simbólico dun círculo de pólvora a arder arredor dese espazo onde “viven” os personaxes, non consegue manter a tensión dramática dos personaxes da tola ou da muller e o amante, nas escenas anteriores.

Por outro lado, na interpretación destacan a limpeza da construción física (axudadas pola boa caracterización que antes dixemos, moi importante no paisano interpretado por Pepa Barreiro ou calquera dos varios que realiza un mesmo intérprete), sobresaie a prosodia e coordinación dos movementos. Porén, non todos os personaxes posúen a mesma presenza ou depuración na súa expresión. Así, Mónica Camaño, que nos ten habituados a excelentes traballos, resulta un tanto derivada cara ao clixé e a brusca ruptura expresiva no personaxe da parva, con exceso de carantoñas ao calar.

Finalmente, a nova montaxe de Teatro de Ningures consegue manter os trazos de humor retranqueiro, grotesco, entrañábel, cru, etc., ante a traxedia da morte que mellor fala da vida. Quizais, como nas manifestacións antropolóxicas de noso, como un acto de exorcización ante a dor mais tamén como paradoxo sendo esta buscada. Outro acerto de Ningures.



Fran Paredes e Casilda García en *Bailadela da Morte Ditosa*